

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**7483** *Lei 4/2017, do 28 de xuño, de modificación da Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### PREÁMBULO

A Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, feita en Nova York o 13 de decembro de 2006 e ratificada por España en 2008, insta os Estados asinantes a prohibir «toda discriminación por motivos de discapacidade» e obrigaos a recoñecer «que as persoas con discapacidade teñen capacidade xurídica en igualdade de condicións coas demais, en todos os aspectos da vida», e a tomar as medidas pertinentes «para pór fin á discriminación contra as persoas con discapacidade en todas as cuestións relacionadas co matrimonio, a familia, a paternidade e as relacións persoais, e lograr que as persoas con discapacidade estean en igualdade de condicións coas demais», co fin de asegurar, entre outras cuestións, que se recoñeza o seu dereito «a casar e fundar unha familia sobre a base do consentimento libre e pleno dos futuros cónxuxes».

A Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria, modificou na súa disposición derradeira primeira determinados artigos do Código civil. En concreto, a citada lei modifica o artigo 56 do Código civil, relativo aos requisitos de capacidade exixidos aos contraentes, co fin de protexer as persoas con algún tipo de discapacidade para asegurar que reúnan os requisitos necesarios para contraer matrimonio e favorecer a súa celebración. Así, coa nova redacción, este artigo dispón que «Se algún dos contraentes estiver afectado por deficiencias mentais, intelectuais ou sensoriais, o secretario xudicial, notario, encargado do Rexistro Civil ou funcionario que tramite a acta ou expediente exixirá un ditame médico sobre a súa aptitude para prestar o consentimento». A entrada en vigor deste precepto estaba prevista para o 30 de xuño de 2017.

A interpretación deste precepto xerou algunha dúbida respecto ao termo «discapacidade». Por iso, a Resolución-Circular do 23 de decembro de 2016, do director xeral dos Rexistros e do Notariado, aclarou que a exigencia por parte do letrado da Administración de xustiza, notario, encargado do Rexistro Civil ou funcionario que tramite a acta ou expediente de ditame médico sobre a aptitude para prestar o consentimento daqueles contraentes que estiveren afectados por deficiencias mentais, intelectuais ou sensoriais, se debe entender necesariamente limitada exclusivamente a aqueles casos en que a deficiencia afecte de forma substancial a prestación do consentimento por parte do interesado en cuestión.

Dado que a modificación do artigo 56 do Código civil aínda non entrou en vigor, e co fin de aclarar tamén que a intención da reforma introducida pola lei é favorecer a celebración do matrimonio das persoas con discapacidade, evitando calquera sombra de dúbida sobre a súa capacidade para contraer matrimonio, propónse unha modificación da disposición derradeira primeira da Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria, que pola súa vez modifica o artigo 56 do Código civil. Do mesmo xeito, propónse unha modificación da disposición derradeira cuarta para adaptar a reforma do artigo 58 da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil.

Aténdese así tamén a demanda da sociedade civil articulada arredor da discapacidade que, a través do seu movemento asociativo, lles formulou ás forzas políticas, ao lexislador e ao Goberno da Nación a modificación deste precepto para establecer, eliminando restricións e proporcionando apoios, un réxime legal favorecedor da celebración do matrimonio, se esa é a vontade das persoas con discapacidade.

A proposta tamén reforza a protección das persoas con discapacidade ao establecer que o letrado da Administración de xustiza, notario, encargado do Rexistro Civil ou funcionario que tramite a acta ou expediente, cando sexa necesario, poderá solicitar das administracións ou entidades de iniciativa social de promoción e protección dos dereitos das persoas con discapacidade a provisión de apoios humanos, técnicos e materiais que faciliten a emisión, interpretación e recepción do consentimento por parte dos contraentes. Esta previsión pretende dar cobertura plena á exigencia prevista no artigo 12.3 da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, cando establece que «Os Estados parte adoptarán as medidas pertinentes para proporcionar o acceso ás persoas con discapacidade ao apoio que poidan necesitar no exercicio da súa capacidade xurídica». E tamén ao disposto no artigo 23.1 da dita convención: «Os Estados parte tomarán medidas efectivas e pertinentes para pór fin á discriminación contra as persoas con discapacidade en todas as cuestións relacionadas co matrimonio, coa familia, coa paternidade e coas relacións persoais, e lograr que as persoas con discapacidade estean en igualdade de condicións coas demais, co fin de asegurar que: a) Se recoñeza o dereito de todas as persoas con discapacidade en idade de contraer matrimonio a casar e fundar unha familia sobre a base do consentimento libre e pleno dos futuros cónxuxes». Só no caso excepcional de algún dos contraentes presentar unha condición de saúde que, de modo evidente, categórico e substancial, lle poida impedir prestar o consentimento matrimonial malia aquelas medidas de apoio, é cando se solicitará un ditame médico sobre a súa aptitude para prestar o consentimento.

Con ese obxectivo, e co fin de mellorar a redacción do artigo 56 do Código civil, segundo a modificación operada pola Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria, antes da súa entrada en vigor, con plena adecuación á Convención de 2008, apróbase esta lei.

**Artigo único.** *Modificación da Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria.*

A Lei 15/2015, do 2 de xullo, da xurisdición voluntaria, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o parágrafo primeiro do número 2 da disposición transitoria cuarta, que queda coa seguinte redacción:

«Os expedientes matrimoniais que se inicien antes da entrada en vigor completa da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil, seguiraos tramitando o encargado do Rexistro Civil, conforme as disposicións do Código civil e da Lei do Rexistro Civil do 8 de xuño de 1957.»

Dous. Modifícase o número nove da disposición derradeira primeira, que modifica o artigo 56 do Código civil, nos termos seguintes:

«Nove. O artigo 56 queda redactado do seguinte modo:

“Os que desexen contraer matrimonio acreditarán previamente, en acta ou expediente tramitado conforme a lexislación do Rexistro Civil, que reúnen os requisitos de capacidade ou a inexistencia de impedimentos ou a súa dispensa, de acordo co previsto neste código.

O letrado da Administración de xustiza, notario, encargado do Rexistro Civil ou funcionario que tramite a acta ou expediente, cando sexa necesario, poderá solicitar das administracións ou entidades de iniciativa social de promoción e protección dos dereitos das persoas con discapacidade a provisión de apoios humanos, técnicos e

materiais que faciliten a emisión, interpretación e recepción do consentimento do ou dos contraentes. Só no caso excepcional de algún dos contraentes presentar unha condición de saúde que, de modo evidente, categórico e substancial, poida impedirle prestar o consentimento matrimonial malia as medidas de apoio, se solicitará ditame médico sobre a súa aptitude para prestar o consentimento.»

Tres. Modifícase o número un da disposición derradeira cuarta, que modifica os números 1, 2, 5, 6, 7, 8, 9, 10 e 12 do artigo 58 da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil, no relativo ao número 5 do citado artigo 58, que queda redactado da seguinte forma:

«5. O letrado da Administración de xustiza, notario ou encargado do Rexistro Civil oirá ambos os dous contraentes reservadamente e por separado para se asegurar da súa capacidade e da inexistencia de calquera impedimento. Así mesmo, poderanse solicitar os informes e efectuar as dilixencias pertinentes, sexan ou non propostas polos requirentes, para acreditar o estado, capacidade ou domicilio dos contraentes ou calquera outro aspecto necesario para apreciar a validez do seu consentimento e a veracidade do matrimonio.

O letrado da Administración de xustiza, notario, encargado do Rexistro Civil ou funcionario que tramite a acta ou expediente, cando sexa necesario, poderá solicitar das administracións ou entidades de iniciativa social de promoción e protección dos dereitos das persoas con discapacidade a provisión de apoios humanos, técnicos e materiais que faciliten a emisión, interpretación e recepción do consentimento do ou dos contraentes. Só no caso excepcional de algún dos contraentes presentar unha condición de saúde que, de modo evidente, categórico e substancial, poida impedirle prestar o consentimento matrimonial malia as medidas de apoio, se solicitará ditame médico sobre a súa aptitude para prestar o consentimento.

Da realización de todas estas actuacións deixarase constancia na acta ou no expediente e arquivarase xunto cos documentos previos á inscrición de matrimonio.

Pasado un ano desde a publicación dos anuncios ou das dilixencias substitutorias sen que se contraese o matrimonio, non poderá celebrarse este sen nova publicación ou dilixencias.»

Catro. Modifícase o número doce da disposición derradeira cuarta, que modifica a disposición derradeira décima da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil, no relativo á entrada en vigor, que terá a seguinte redacción:

«Doce. A disposición derradeira décima queda redactada do seguinte modo:

Disposición derradeira décima. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o 30 de xuño de 2018, agás as disposicións adicionais sétima e oitava e as disposicións derradeiras terceira e sexta, que entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», e agás os artigos 49.2 e 53 do mesmo texto legal, que entrarán en vigor o día 30 de xuño de 2017.

O disposto no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo da entrada en vigor o 15 de outubro de 2015 dos artigos 44, 45, 46, 47, 49.1 e 4, 64, 66, 67.3 e da disposición adicional novena, na redacción dada polo artigo segundo da Lei 19/2015, do 13 de xullo, de medidas de reforma administrativa no ámbito da Administración de xustiza e do Rexistro Civil.

Ata a completa entrada en vigor desta lei, o Goberno adoptará as medidas e os cambios normativos necesarios que afecten a organización e o funcionamento dos rexistros civís.»

Cinco. Modifícanse os puntos 3, 4 e 5 da disposición derradeira vixésimo primeira (entrada en vigor), que quedan redactados como segue:

«3. As modificacións dos artigos 49, 51, 52, 53, 55, 56, 57, 58, 62, 65 e 73 do Código civil contidas na disposición derradeira primeira, así como as modificacións dos artigos 58, 58 bis, da disposición derradeira segunda e da disposición derradeira quinta bis da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil, incluídas na disposición derradeira cuarta, relativas á tramitación e celebración do matrimonio civil, que o farán na data da entrada en vigor completa da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil.

4. As modificacións do artigo 7 do Acordo de cooperación do Estado coa Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España, aprobado pola Lei 24/1992, do 10 de novembro; as do artigo 7 do Acordo de cooperación do Estado coa Federación de Comunidades Israelitas de España, aprobado pola Lei 25/1992, do 10 de novembro; e as do artigo 7 do Acordo de cooperación do Estado coa Comisión Islámica de España, aprobado pola Lei 26/1992, do 10 de novembro, contidas nas disposicións derradeiras quinta, sexta e sétima, respectivamente, que o farán na data da entrada en vigor completa da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil.

5. As disposicións da sección 1.<sup>a</sup> do capítulo II do título VII da Lei do 28 de maio de 1862, do notariado, contidas na disposición derradeira décimo primeira, que establecen as normas reguladoras da acta matrimonial e da escritura pública de celebración do matrimonio, que o farán na data da entrada en vigor completa da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 28 de xuño de 2017.

FELIPE R.

O presidente do Goberno  
MARIANO RAJOY BREY